

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA I.E.S. de RODEIRA

curso 2019-2020

X.DEPARTAMENTO: EMILIO LORENZO BELLO

Índice

Normativa	
Membros do departamento.....	
Introdución e contextualización.....	
Obxectivos.	
Elementos transversais.....	
Competencias clave.....	
Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.	
Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, asícomo a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.....	
Procedemento para a avaliación inicial.....	
Acreditación de coñecementos previos no Bacharelato.....	
Procedemento de avaliación continua.....	
Procedemento de avaliación extraordinaria na ESO.....	
Procedemento de avaliación extraordinaria no Bacharelato	
Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes na ESO.....	
Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes no Bacharelato.	
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	
Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica	
Medidas de atención a diversidade.....	
Actividades complementarias e extraescolares.....	

Normativa

A LEI Orgánica da Educación, 2/ 2006 do 3 de Maio, no seu Disposición Adicional Segunda establece que o ensino da Relixión incluírase como área ou materia nos niveis educativos que corresponda. Os Decretos de Ensinanzas Mínimas desenvolven dita Disposición en canto á súa presenza curricular e condicións académicas aplicando a exclusiva competencia da Xerarquía eclesiástica para determinar o currículo propio do ensino relixiosa católica. Esta materia preséntase como opción libre para os alumnos é obrigatoria para o centro. O ensino relixioso contribúe a unha formación integral do alumno dende a proposta e desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Desenvólvese a capacidade transcendente do alumno e desenvólvense unhas capacidades para facer posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria. A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, responde a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos na Constitución Española, actualmente garántese a súa presenza no panorama educativo polo acordo suscrito entre o Estado Español e a Santa Sé asinado o 3 de Xaneiro de 1979.

O ensino de Relixión no Bacharelato:

A Orde de 19 de xuño de 2009, da Consellería de Educación, onde regulase a organización e o funcionamento do Bacharelato en particular o artigo 14 di que os centros docentes incluírán as ensinanzas de Relixión no horario lectivo do centro en condicións de non discriminación horaria. Así mesmo, os centros dispoñerán as medidas organizativas necesarias para proporcionar a debida atención educativa no caso do alumnado que optase por non cursar ensinanzas de Relixión, garantindo, en todo caso, que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación ningunha. Dita atención, en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa.

Xustificación da materia de Relixión.

A lei corrobora que os pais teñen dereito a que os seus fillos reciban a formación relixiosa de acordo coas súas conviccións. O ensino da Relixión e moral preséntase como opción confesional católica. Non podería existir unha formación integral senón se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano.

A programación da área de Relixión católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumno/á as esixencias epistemolóxicas da materia ás expresións culturais do ámbito e ás demandas didácticas do sistema educativo.

A- dimensión cultural histórica está presente no ensino relixiosa, a Relixión católica deu os seus froitos na arte nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social. O cristianismo ten unha grande incidencia na cultura española e europea.

B- dimensión humanizadora da opción católica constitúe una achega eficaz na maduración da personalidade integral do alumno, enraizando os obxectivos do sistema educativo nun núcleo referencial de ideas, valores e crenzas que permiten ao alumno dar respostas aos seus interrogantes, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.

C. dimensión ético-moral na opción confesional católica ofrece un determinado xeito de ver a vida, en cuxa base encóntrase un concepto do home, un núcleo referencial de ideas e crenzas, e a

proposta dunha escala de principios e valores.

O ensino da Relixión céntrase na persoa os seus problemas, as súas expectativas e as súas necesidades máis profundas, para axudarlle a encontrarse coas súas raíces, dar razón das súas esperanzas e fundamentar os seus ideais máis nobres, é dicir, para aprender a ser.

O ensino relixioso debe ter sempre en conta que a fe se dirixe e afecta a todo o ser humano tanto na súa persoa como aos seus ámbitos de expresión, ás distintas formas en que vive e se relaciona cos demais, é dicir á súa cultura.

Por iso, unha esixencia do ensino relixioso e polo tanto, da nosa materia será sempre o diálogo como medio imprescindible e a síntese entre a fe e a cultura como obxectivo.

Debemos:

- Motivar a formulación de temas actuais que preocupan ou interesan aos mozos.

- Motivar a formulación de dúbidas referentes á Relixión católica e o seu ámbito e a outras Relixións.

- O diálogo fe-cultura é un elemento integrador do programa. No desenvolvemento dos diferentes temas buscouse unha conexión coa historia da humanidade, coa situación do mundo contemporáneo, cos cuestionamentos vitais do home. Non se pretendeu illar a Relixión e presentala como algo «separado» das demais realidades humanas; todo o contrario, a encarnación de Xesucristo é o principio dun proceso de integración do divino e o humano, a Relixión e a vida, a fe e a cultura. Motivar a formulación de dúbidas referentes á Relixión católica e o seu ámbito e a outras Relixións.

Membros do departamento

Membros do departamento unipersoal de Relixión e Moral Católica.

Emilio Lorenzo Belo (Xefe Departamento)

Introdución e contextualización

Introducción

A- Para comprender o feito relixioso é necesario o estudo de tres realidades relixiosas : A Semana Santa de recoñecida festa cultural e relixiosa en Galicia e fora de ela; As confrarías entorno a ela e as da Virxe do Carmo moi propias desta zoa mariñeira e, como non. O Cruceiro do Hío sublime arte popular galega (a súa interpretación).

B- Para dar razóns , para descubrir as lendas , o diálogo na historia do home relixioso co seu mundo, para facer comprensible o misterio , partindo da realidade . Sirva coma exemplo : O aso de María Soliña e a Inquisición.

C- Coñecemento . Para que o alumno-a acade obxectivos mínimos de coñecemento da súa realidade, invitámolo a descubrir a súa identidade , dende datos concretos dos arquivos parroquiais . Atopará datos sociolóxicos ,realidades sociais,...Sirva coma exemplo: a data do bautismo de Mons.Xosé Cerviño Bispo auxiliar de Santiago e Bispo titular da diocese de Tuy-Vigo e que natural de Aldán.

D- Creatividade relixiosa. Os cruceiros por todo o Morrazo, co emblemático do de Hío.

E- Estudo . Aqueles alumnos-as con inquiredanzas máis intelectuais e profundas sobre o feito relixioso-incluso coma facer un bo estudo e amplo - , poden atopar no historiador Xosé María Lema Suárez e na súa obra: “ A Arte relixiosa na Terra de Sonería” , un gran apoio. Entre outros.

Contextualización do programa

Temos alumnos/as do Concello de Cangas do Morrazo, e no Bachelato doutros concellos do Morrazo, así como a F.P. de ciclos Medio e Superior. Pertence a chamada Península do Morrazo , zona da Provincia de Pontevedra. O traballo abarca o mundo rural e o mundo mariñeiro. Principalmente o Mundo Mariñeiro e a industria entorno a ela (Bateas, fabrica de redes, Frigoríficos do Morrazo, Masso....), así como a presenza de Vigo que crea unha grande dependencia laboral e comercial con esta gran urbe galega. Con todo Cangas do Morrazo segue a ser a capital do Morrazo (Bueu, Moaña e Cangas).

No ámbito da cultura decir que Cangas conta con toda unha infraestrutura deportiva q fai dela una cidade que dou medallistas Olímpicos dos que sobresa David Cal. Ten unha equipa de Balonmán “Frigoríficos do Morrazo” en ASOBAL. Conta con Conservatorio de Música ata o grao Profesional, etc. E no eido da cultura ten a Bernadino Graña entre outros. É unha urbe mariñeira con grandes inquiredanzas culturais e deportivas , que no é este o lugar de espallarse.

A pesar da mellora das vías da comunicación , segue a ser unha zona necesitada de maiores inversións en infraestruturas, moi necesarias para unha zoa que é moi rica en recursos naturais e cun porto que está sen desenrolar nin o máis mínimo. Hoxe é moi dependente de Vigo, pois segue necesitando unha Autoestrada que una todo o Morrazo de Pontevedra a Vigo.

A diversión da xuventude trancorre na noite do sábado , no típico botellón de todas as vilas e cidades de España. As novas tecnoloxías acercan a todos sen distancia. Pero eso non desdía da ampla oferta cultural e deportiva que poden atopar.

No relixioso hai unha mezcla do máxico co relixioso. Destaca a Semana Santa da que xa falamos e a romería de Domaio, parroquia de este concello, de gran impacto social.

Obxectivos

Obxectivos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

Segundo o artigo 10 para a Educación Secundaria Obrigatoria e o artigo 26 para o Bacharelato enuméranse os seguintes obxectivos.

Obxectivos na ESO:

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Obxectivos no Bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e

impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a linguacastelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Elementos transversais

CL : Comprensión lectora

EOE: Expresión oral e escrita

CA: Comunicación audiovisual

TIC: Tecnoloxías da información e da comunicación

E: Emprendemento.

ECC: Educación cívica e constitucional

IEHM: Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres

PVX: Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade

PPC. Prevención e resolución pacífica de conflitos

PI: Principio de igualdade de trato e non discriminatorio por calquera condición ou circunstancia persoal e social (valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.)

EEIE: Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial

EV: Educación viaria

Competencias clave

Competencias: son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

CCL: Comunicación lingüística.

CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía .

CD: Competencia dixital.

CAA: Aprender a aprender.

CSC: Competencias sociais e cívicas.

CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC: Conciencia e expresións culturais.

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos avaliación	
-A -B -D	1-SENTIDO RELIXIOSO DO HOME 2-O PROXECTO DE DEUS 3-DEUS CREADOR	Re1- RECOÑECER A RELACIÓN DEUS E HOME Re1.2- IDENTIFICAR NA BIBLIA O PROXECTO DE DEUS Re1.3- INTERPRETAR O RELATO DA CREACIÓN	Re1.1- I CITA TRES MANDAMENTOS Re1.2- EXPLICA O XENESIS Re 1.3- ENTENDER O RELATO DE NOE	1-SABE INTERPRETAR AS CITAS BÍBLICAS 2-ENTEN-DE O RELATO DA CREACIÓN E DO DILUVIO	-CCL, -CAA, -CD -CCEC	-CL -CA -PI -TIC -IEHM	-OBSERVA- CIÓN -FICHAS TRABALLO	-I -E A 30 -E D 20

PRIMEIRO ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos avaliación
-G -L -E	4 XESÚS DE NAZARET 5- OS EVANXEOS	Re 4.1-COÑECER O PAIS DE XESUS:PALESTINA Re.5.2- RECOÑER A VIDA DE XESUS NOS EVANXEOS	Re.4.1-CITAR DUAS CIDADE , UNHA MONTAÑA, UN RIO , UN MAR DE PALESTI-NA Re.5.2-VER O SENTIDO CRISTIAN DAS FESTAS DO NADAL , SEMANA SANTA E PASCUA	-RECOÑER NO MAPA OM PAIS DE XESÚS -QUE CELEBRANOS OS CRISTIANS NO NADAL , SEMANA SANTA E PASCUA	-CCL -CCEC -CD	-CL -CA -PI -TIC -IEHM	-OBSERVA- CIÓN -TRABA-LLOS -FICHAS

PRIMEIRO ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos avaliación
-A- -B	6- XESÚS PRESENTE NA IGREXA	Re 6.1- RECOÑECER A PRESENZA DE CRISTO NO ACTÚAR DA IGREXA	Re 6.1.1-CITAR TRES TESTIMUÑOS DE FE	-CITAR TRES SANTOS DA IGREXA	-CCL -CAA	-CL -CA -PI	-OBSERVACIÓN
-E	7- O ESPÍRITO SANTO	Re .7.1 RECOÑECER A PRESENZA DO ESPÍRITO NOS SACRAMENTOS	Re.7.1.1 – NOMEA TRES SACRAMENTOS	-COÑECER OS SETE SACRAMENTOS	-CD	-TIC -IEHM	-FICHAS , TRABALLO

SEGUNDO ESO BLOQUE 1 . O SENTIDO RELIXIOSO DO HOME

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos avaliación	Criterios cualificación
-i -g -l	<p>1-a persona humana, criatura de Deus libre e intelixente</p> <p>2-o fundamento da dignidade da persona</p> <p>3-o ser humano colaborador da creación de Deus</p>	<p>Re1.diferenciar o ser humano de ser animal</p> <p>Re2.1 explicar a orixe da dignidade humana</p> <p>Re3.1 entender o sentido e a finalidade da acción humana</p>	<p>Re 1.1- debate respetuoso sobre a orixe do home</p> <p>Re 2.1.1- Valorar a dignidade do ser humano</p> <p>Re.3.1.1 identificar accións do ser humano que repeten ou destruan a creación</p>	<p>-saber interpretar o relato da creación</p> <p>-citar tres acción que dignifican ao ser humano</p> <p>-oñecer a cara do papa Francisco sobre o cuidado da terra :”Laudato si”</p>	<p>-ccl</p> <p>-ccec</p> <p>-cd</p>	<p>-cl</p> <p>-tic</p> <p>-prpc</p> <p>-pi</p> <p>-iehm</p>	<p>-observación</p> <p>-traballos</p> <p>-fichas</p>	<p>-libreta 50/%</p> <p>-esfuerzo , asistencia . compañerismo 30/º</p> <p>-fichas , dvd, web20/º</p>

BLOQUE 3 . XESUCRISTO .CUMPRIMENTO DA HISTORIA DA SALVACIÓN

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos avaliación	Criterios cualificación
-i -g -l -e	Re 5-a comunidade coma reposta o seguimento de xesús	Re5.1.a iniciativa de Cristo para formar a Igrexa humana	Re 5 1.1- localizar nos evanxeos textos do seguimento de Xesús	-as primeiras comunidades cristianas	-ccl -caa -acec -cd	cl -tic -prpc -pi -iehm	-observación fichas . -traballo sobre un tema	Traballos presentados 50% -esfuerzo , asistencia , compañerismo 30% -fichas , traballo dvd , emprego recurso novas tecnoloxías 20%

BLOQUE 4 . PERMANENCIA DE XESUCRISTO NA HISTORIA: A IGREXA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos avaliación	Criterios cualificación
-i -g -l -e	-6-Cristo coma luz de todas as dimensións humanas 7 -a autoridade eclesial ao servizo da verdade 8-a misión do cristiano: construír a civilización do amor	Re 6.1.desubrir a Cristo coma una forma nova de entender a realidade Re 7.1 distinguir que autoridade está ao servizo da verdade Re 8.1 relacionar a misión do cristiano coa construción do mundo	Re 6.1.1- elaborar testimonios de esta nova realidade Re 7..1.1- localiza e xustifica tres acontecementos donde a Igrexa defende a verdade Re.8.1.1 citar iniciativas eclesiales	-Coñecer a obra de Teresa de Calcuta -citar tres documentos do maxisterio da igrexa -iniciativa eclesial: cotolengo en santisgo e padre rubinos na Coruña	-ccl -caa -acec -cd	cl -tic -prpc -pi -iehm	-observación fichas . -traballo sobre un tema	Traballos presentados 50% -esforzo , asistencia , compañerismo 30% -fichas , traballo dvd , emprego recurso novas tecnoloxías 20%

PRIMEIRO BACHARELATO

PRIMEIRO BACHARELATO

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos avaliación	Criterios cualificación
-g -m -p -i -o	4-orixe e evolución da doutrina social da Igrexa 5-principios fundamentais da doutrina social da Igrexa	Re.4- Coñecer e valorar o contexto en que nace a doutrina social da Igrexa Re.5- Coñecer e aplicar os principios da doutrina social da igrexa a diversos contextos	Re4.1.1comprende o significado e ben común , subsidiaridade Re5.1.1-coñece as encíclica principais da doutrina social da igrexa	ver - ben común como garante de igualdade -cita tres cartas do maxisterio da igrexa	ccl, -caa -,csc	-iehm -prpc -pi -ecc	observación -traballo -madurez nos argumentos	presentación traballo aportacións ,opinións -asistencia , puntualidade,comport 20%
	na sociedade actual							

SEGUNDO BACHARELATO BLOQUE 3 . RELACIÓN ENTRE A RAZÓN , A CIENCIA E A FE

Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Elementos transversais	Instrumentos avaliación	Criterios cualificación
-i -g -l -p	3- aportacións da Igrexa o campo da ciencia	Re 3.1- recoñecer as aportacións	Re3.1.1- encíclica “fides et ratio”	-o papado de Francisco Continua chamada o diálogo	ccl, -caa -,csc	-iehm -prpc -pi -ecc	observación -traballo -madurez nos argumentos	-Presenta-ción traballo 50% -Aporta-Cións,opin- nións 30% -asistencia , puntualidade,comporta- mento 20%

Temporalización

Contamos con una hora semanal

ESO

Primerio

PRIMEIRO TRIMESTRE

1-sentido relixioso do home

2- o proxecto de Deus

3- Deus creador

SEGUNDO TRIMESTRE

4-Xesús de Nazaret

5-os evanxeos

TERCEIRO TRIMESTRE

6- Xesús presente na Igrexa

7-o Espírito Santo

Segundo

PRIMEIRO TRIMESTRE

- 1-A persona humana , criatura de Deus libre e intelixente
- 2-o fundamento da dignidade da persona
- 3-o ser humano colaborador da creación de Deus

SEGUNDO TRIMESTRE

- 4- A captación da revelación: a fe
- 5-orixe , composición e interpretación dos libros sagrados
- 6-Deus revélase en Xesucristo

TERCEIRO TRIMESTRE

- 7- O credo
- 8- As primeiras comunidades
- 9-as notas da Igrexa

Terceiro

PRIMEIRO TRIMESTRE

- 1-As preguntas sobre a vida
- 2-respostas das relixións
- 3-a liberdade nas personas

SEGUNDO TRIMESTRE

- 4-o encontro con Xesús transforma
- 5-A igrexa lugar de encontro

TERCEIRO TRIMESTRE

- 6-Os cristiáns comprométese
- 7-A fe impregna a nosa cultura

Cuarto

PRIMEIRO TRIMESTRE

1-As relixións : a búsqueda do sentido da vida

2-A revelación de Deus na historia

SEGUNDO TRIMESTRE

3-A alianza de Deus coa humanidade

4-A figura do Servo de Yahveh

5- a comunidade como reposta o seguimento de Xesús

TERCEIRO TRIMESTRE

6-Cristo coma luz de todas a dimensións humanas

7-A autoridade eclesial ao servizo da verdade

8-a misión do cristiano: construír a civilización do amor

Temporalización

Contamos con una hora semanal. Nos dous cursos de bacharelato pódese impartir un curso de Biblia, si así o acepta o alumnado; xa que é un elemento básico para a comprensión da fe xudeo-Cristián.

BACHARELATO

PRIMEIRO

PRIMEIRO TRIMESTRE

1-O home , ser relixioso busca sentido á vida

2-Expresións históricas do sentido relixioso

3-Diversas posturas ante o feito relixioso na sociedade actual

SEGUNDO TRIMESTRE

4-Orixe e evolución da doutrina social da Igrexa

5-Principios fundamentais da doutrina social da Igrexa

TERCEIRO TRIMESTRE

6-Ciencia e fe. Percorrido histórico

7-A vida monacal , fonte de cultura

SEGUNDO BACHARELATO

PRIMEIRO TRIMESTRE

1-A identidade do ser humano

2-a persona centro da doutrina social

SEGUNDO TRIMESTRE

3-Aportacións da Igrexa o campo da ciencia

TERCEIRO TRIMESTRE

4-A expresión da fe

Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

Partir do que os alumnos e alumnas coñecen e pensan sobre un tema concreto.

- Conectar cos seus intereses e necesidades.
- Propoñerlles, de forma atractiva, unha finalidade e utilidade claras para as novas aprendizaxes, que xustifiquen o esforzo e a dedicación persoal que se lles vai esixir.
- Manter unha coherencia entre as intencións educativas e as actividades que se realizan na aula.
- Favorecer a aplicación e a transferencia das aprendizaxes á vida real.

Para todo iso, resulta fundamental o uso dunha linguaxe accesible e comprensible para os alumnos, auténticos protagonistas da aprendizaxe, que os introduza na comprensión e na asimilación do vocabulario básico da Relixión Católica e das diferentes Relixións.

Faise fincapé no uso dunha pluralidade de medios, especialmente análise, debates, exposicións..., para evocar experiencias, presentar contidos relixiosos e para axudar ó alumno/a a descubrir e a expresar con espírito crítico e construtivo o que foi descubriendo e, á vez, aprenda a respectar e valorar os criterios e as achegas dos demais e se vaia abrindo a unha sociedade pluralista

Materiais e recursos didácticos.

1. Explicación por parte do profesor/ora.
2. Libro de texto do Alumno.
3. Carpetas de recursos do Departamento.
4. Catecismo da Igrexa Católica.
- 5.. A Biblia.
6. Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.
7. Encíclicas. Documentos do Concilio Vaticano II.
8. Diapositivas.
9. Películas.
10. Aula abalar.
11. Programas informáticos.
12. Exposición.
13. Diversos recursos lúdicos (crucigramas, sopas de letras...)
14. Cancións e actividades musicais.
15. Xogos e dinámicas grupais.
16. Presentacións en Power-Point.
18. Exercicios de valores.
19. Bibliografía na biblioteca do Instituto.

LIBROS DE TEXTO: No son Obligatorios.

1º/2º ESO:

J. Aranguren (coord.). NUEVA EVANGELIZACIÓN. Barcelona 2015. Edt. Casals

ISBN. 978-84-218-6038-0

3º/4º ESO:

J. Aranguren (coord.). NUEVA EVANGELIZACIÓN. Barcelona 2015. . Edt. Casals

ISBN. 978-84-218-5761-8

1º /2ºBACHERELATO:

J. Aranguren (coord.). NUEVA EVANGELIZACIÓN. Barcelona 2015. . Edt. Casals

ISBN. 978-84-218-6042-7

Procedemento para a avaliación inicial na Eso

Procedementos para a realización da avaliación inicial na ESO.

Realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado pois coñecer as competencias coas que chega o alumno é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade. Os contidos desa proba serán os axeitados aos contidos mínimos do curso anterior da ESO que cada grupo de alumnos teña realizado agás no caso de 1º ESO onde os contidos da proba estarán relacionados cos contidos de relixión na Primaria. Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final.

Acreditación de coñecementos previos no Bacharelato.

Procedementos para acreditar os coñecementos previos de Relixión de 1º de Bacharelato

1-comprobaremos o coñecemento do feito relixioso

Exemplo unha Romaria: virxe do faro

3-o coñecemento de arte relixiosa: o románico

Exemplo: -o pórtico da gloria da catedral

- Restos do románico na nosa zona: igrexa de Mens, Graña

3-manexo da Biblia

-distinguir a abreviaturas dos libros

Procedemento de avaliación continua.

No cálculo da nota ordinaria terás en conta a seguinte ponderación dos instrumentos de avaliación que se enumeran:

- traballo 40% (4ptos.)
- exame (opcional) 10% (2ptos.)
- libreta 40% (4ptos.)
- aportacións ,opinións 10% (suple o exame)

Procedemento de avaliación extraordinaria na ESO

No cálculo da nota extraordinaria terase en conta a seguinte ponderación dos instrumentos de avaliación que se enumeran:

Presentación do traballo do curso, por avaliacións, non presentado. Limitarase a entrega da libreta con unha puntitación máxima de 8ptos. E un exame de 2ptos..

Procedemento de avaliación extraordinaria no Bacharelato

No cálculo da nota extraordinaria a terásese en conta a seguinte ponderación dos instrumentos de avaliación que se enumeran:

Presentación do traballo do curso, por avaliacións, non presentado. Limitarase a entrega da libreta con unha puntitación máxima de 8ptos. E un exame de 2ptos..

Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes na ESO.

Actividades de seguimento das materias pendentes de Relixión de 1º de ESO

-fichas sobre o país de Xesús

Actividades de seguimento das materias pendentes de Relixión de 2º de ESO

-Fichas dos libros da biblia

Actividades de seguimento das materias pendentes de Relixión de 3º de ESO

-fichas sobre as relixións

Actividades de seguimento das materias pendentes de Relixión de 4º de ESO

-fichas sobre a historia da Igrexa

Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes no Bacharelato.

Actividades de seguimento das materias pendentes de Relixión no Bacharelato

Se un alumno/s con Relixión Católica se atopara nesa situación terá, no momento que el elixa, un traballo axeitado aos obxectivos e contidos mínimos correspondentes ó curso que non teña superado.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

- Revisión dos acordos de mellora adoptados na avaliación anterior
- Valoración global do desenvolvemento das clases: puntualidade axilidade, orde e concreción nas intervencións.
- Información achegada polos profesores : disciplina, ambiente da aula, etc.
- Información achegada por cada profesor: seguimento da programación, relación co grupo. Logros, dificultades.
- Acordos de mellora adoptados para a seguinte avaliación.
- Participación dos alumnos (valoración das achegas)

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

Unha avaliación de progreso:.

1-Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.

2-Valorarase tal axuste nas reunións de Departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.

B) Unha avaliación final:.

1-Prestarase moita atención ao porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa relixión sen aprobar..

2-Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso

Medidas de atención a diversidade

Pretendemos acoller a todos os alumnos sen menosprezar pensamento , crenza ou outras actitudes . Temos que garantir un proceso de aprendizaxe total e para todos. Ten que ser unha materia aberta as inquiredanzas dos alumnos e a realidade vivida por cada un deles. Todo dende un ámbito de traballo serio , con unha actitude de escoita e diálogo construtivo.

1- atención a diversidade nos conceptos

O contido de cada tema presenta diferenzas según niveis. Unha información básica pero tamén aberta a un desenrrolo maior que terá en conta todo tipo de aprendizaxe.

Para iso , o profesor-a empregará distintos tipos de materiais que favorezan o interes académico do alumno.

2-atención a diversidade na programación

Según as distintas dificultades de aprendizaxe presentes na aula, o esforzo estará encamiñado a acadar a cada alumno un correcto ensino da materia. Miraremos a motivación , as distintas capacidades.

1- atención a diversidade de materiais empregados

Para facilitar a aprendizaxe do alumno , tendo en conta a súa capacidade , motivación..., o material será diverso. Nenbargantes , o esforzo será unha norma importante a hora de emitir una nota académica

Actividades complementarias e extraescolares

Non faremos como departamento. Prestaremos axuda nas distintas actividades a realizar durante o curso no centro.